

**Procedemento:** CT207K. Axudas para o desenvolvemento do sector dos videoxogos na Comunidade Autónoma de Galicia para a anualidade 2025 (código de procedemento CT207K).

**Asunto:** Nomeamento da Comisión de valoración.

## ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 10 de decembro de 2024 no Diario Oficial de Galicia, nº 237, publicouse a Resolución do 11 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o desenvolvemento do sector dos videoxogos na Comunidade Autónoma de Galicia para a anualidade 2025 (código de procedemento CT207K).

2. O artigo 15 desta convocatoria recolle que, para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de Valoración.

A Comisión de valoración será nomeada pola Dirección da Agadic e estará formada por:

- a) Dúas persoas profesionais de recoñecido prestixio nos ámbitos audiovisual e/ou cultural en xeral, das cales unha exercerá como presidente e terá voto de calidade en caso de empate.
- b) Dúas persoas pertencentes ao cadro de persoal da Agadic.

A Secretaría da Comisión será exercida por unha das persoas do cadro de persoal da Agadic, que actuará con voz pero sen voto.

A mesma base recolle tamén que *"A condición de vogal da Comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituída en ningún caso"*.



## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, correspóndelle á Dirección, como órgano executivo da Axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.
2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".
3. No artigo 15 das bases reguladoras establécese que a Comisión de Valoración será nomeada pola Dirección da Agadic.

En base ao exposto

### RESOLVO:

Nomear a Comisión de Valoración deste procedemento de subvencións, coa seguinte composición:

- Presidente: Ignacio Pintos Magdalena
- Vogal: Pablo Monroy Romero
- Vogal: Dolores Meijomín Rodríguez, pertencente ao cadro de persoal da Agadic
- Secretaria : Dora González Olveira, pertencente ao cadro de persoal da Agadic

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Jacobo Sutil Nesta

Director

Axencia Galega das Industrias Culturais

